

Toponimia, etimoloxía e fontes documentais: os exemplos de *Arosa e Brens*

Toponymics, etymology and documental sources: the examples of Arosa and Brens

Paulo MARTÍNEZ LEMA

Deustuko Unibertsitatea / Universidad de Deusto
Cátedra de Estudos Galegos

paulo.lemma@gmail.com

[recibido 19/01/2012, aceptado 14/04/2012]

RESUMO

A análise e interpretación dos testemuños medievais dos nomes de lugar constitúe un recurso inescusábel na elaboración de propostas etimolóxicas para eles. Neste traballo exemplifícase ese principio metodolóxico a través de dous topónimos galegos concretos (*Arosa e Brens*), ao tempo que se abordan cuestións intimamente relacionadas con esta vertente dos estudos toponomásticos.

PALABRAS CHAVE: toponomástica, etimoloxía, documentación medieval, lingüística histórica.

MARTÍNEZ LEMA, P. (2012): “Toponimia, etimoloxía e fontes documentais: os exemplos de *Arosa e Brens*”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 97-105.

RESUMEN

El análisis e interpretación de los testimonios medievales de los nombres de lugar constituye un recurso inexcusable a la hora de elaborar propuestas etimológicas para ellos. En este trabajo se ejemplifica este principio metodológico a través de dos topónimos gallegos concretos (*Arosa y Brens*), abordando al mismo tiempo otras cuestiones íntimamente relacionadas con esta vertiente de los estudios toponomásticos.

PALABRAS CLAVE: toponomástica, etimología, documentación medieval, lingüística histórica.

MARTÍNEZ LEMA, P. (2012): “Toponimia, etimología y fuentes documentales: los ejemplos de *Arosa y Brens*”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 97-105.

ABSTRACT

The analysis and interpretation of medieval evidences of place names is essential in order to devise etymological hypothesis for their origin. This paper attempts to exemplify this methodological principle through the analysis of two Galician toponyms (*Arosa and Brens*) and to deal with other questions closely related to this aspect of toponymic studies.

KEY WORDS: toponymy, etymology, medieval documentation, historical linguistic.

MARTÍNEZ LEMA, P. (2012): “Toponymics, etymology and documental sources: the examples of *Arosa e Brens*”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 97-105.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. (*A*) *Arosa*. 3. *Brens*. 4. Algunhas conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

Nun traballo anterior¹, centrado tamén na relevancia das fontes documentais para os estudos toponomásticos, quixemos pór de relevo a pertinencia dos textos medievais (debidamente cotexados e contrastados, sempre que isto for posible²) na análise de certos ítems toponímicos aparentemente transparentes tanto no plano formal como no semántico, mais que, á luz dos seus primeiros testemuños escritos, esixían explicacións etimolóxicas moi diferentes das que nun primeiro momento parecería ditar o sentido común e/ou a propia intuición do toponimista. Nesta nova contribución continuaremos a desenvolver esa liña de interacción entre rexistros documentais e análise etimolóxica, mais cun propósito lixeiramente distinto, pois o que tentaremos será demostrar como o recurso aos datos textuais de que dispomos pode obrigarnos a descartar hipóteses etimolóxicas que viñeron circulando e sendo aceptadas de xeito xeral entre os investigadores da materia, chegando mesmo a gozar nalgúns casos dunha certa difusión e aceptación entre os propios utentes da lingua. Comprobaremos ademais como esas fontes documentais poden servírnos para alicerzar hipóteses alternativas, máis sólidas e elaboradas cás hipóteses rebatidas, e con maior número de paralelos no conxunto do sistema toponímico galego.

De todos os xeitos, cómpre sinalar que este labor crítico e de corrección en absoluto lles resta valor ás achegas dos autores sometidos a revisión, todos eles verdadeiros vultos da investigación lingüística en xeral, e da toponomástica en particular. A inexactitude das súas formulacións etimolóxicas obedece na maior parte dos casos a un descoñecemento dos rexistros documentais pertinentes para a correcta interpretación de cada topónimo. Esta carencia resulta en moitos casos desculpábel, se temos en conta que o repertorio documental de época medieval encóntrase nun

proceso de constante e continua actualización, coa exhumación e edición de documentos descoñecidos até o momento, a revisión doutros para os que xa existían edicións dispoñíbeis, etc. Como é obvio, todas estas circunstancias teñen unha repercusión moi directa nunha pescuda toponomástica que cifre boa parte da fiabilidade das súas hipóteses etimolóxicas no apoio que a estas lle poidan conferir os testemuños documentais conservados.

Para exemplificar e desenvolver en maior profundidade as cuestións que vimos de bosquexar, imos recorrer a dous ítems toponímicos en concreto como son (*A*) *Arosa* e *Brens*.

2. (A) AROSA

A expresión *Arosa* ten unha presenza relativamente importante na toponimia galega. Encontrámola como denominación de varias entidades de poboación nos concellos de Meis, Mesía e Boimorto. A forma *A Arosa*, con conservación do artigo determinado, dálles nome a senllos lugares dos concellos de Caldas de Reis e Santa Comba, así como a un conxunto de terras de cultivo no concello de Foz. Cómpre engadir aínda a existencia dun sintagma *O Pé de Arosa* no concello do Valadouro. A homoxeneidade formal de todos estes topónimos permite pensar nunha orixe común, que o ilustre romanista Pensado Tomé (OELG 368-369) quixo procurar nunha forma adxectival *ARENOSA*, derivada do latín *ARĒNA* ‘area’³. Sería unha opción teoricamente válida de salvarmos o pequeno obstáculo que suporía a redución do hiato [ēō] resultante da síncope da consoante -N- (*ARENOSA* > **Areosa* > *Arosa*), obstáculo que se fai aínda máis patente cando observamos que a tendencia nos derivados toponímicos deste ítem léxico é precisamente o mantemento dese grupo vocálico, sexa da natureza que for (cfr. *Areiro* e similares). A outra opción suxerida por

¹ Martínez Lema (2010). Nesa contribución analizábanse os casos de *Valbargos*, *Agrón* e *Chafarís*.

² En efecto, non debemos obviar certos problemas que se lle presentan ao toponimista cando acode a este tipo de fontes. Quizais un dos máis habituais (e que maior cautela esixe) sexan as distorsións producidas pola propia transmisión textual dos documentos (especialmente cando traballamos con copias), mais cómpre prestarlles tamén moita atención a outros aspectos como a supeditación dos elementos toponomásticos ás prácticas escriturarias hexemónicas en cada período en concreto, a ausencia dun modelo de lingua homoxéneo e/ou minimamente estandarizado (coa conseguinte proliferación de variantes diferentes para un mesmo topónimo nun texto escrito), etc. A este respecto, vid. Martínez Lema (2011: 266 e ss.).

³ De feito, Francisco Javier Rodríguez, no seu *Diccionario Gallego-Castellano* (1863), recolleu a voz *Arosa* e definiuna nos seguintes termos: “Isla, cuya etimología, supongo vendrá de *areosa*”. Evidentemente, o autor está a se referir á illa de Arousa, da cal recolle a súa denominación castellanizada (e aínda hoxe vixente en certos ámbitos, por máis que a única forma oficial recoñecida sexa a lexítima galega, *Arousa*). Lembremos a este respecto que os testemuños documentais (*insulam Arauca* HSISC 899; *Arouciam* HSISC 1115 etc.) demostran que *Arousa* ten ditongo etimolóxico, de xeito que non debe confundirse cos restantes topónimos tratados neste apartado, cos que garda unha proximidade formal meramente casual.

Pensado Tomé é un derivado do substantivo *ar* ‘aire’⁴. Aínda que o autor non afonda nas implicacións de tal proposta, deducimos que unha explicación deste tipo faría o topónimo (*A*) *Arosa* homólogo á forma *Ventosa* (< UENTŌSA ← UĒNTŪ ‘vento, aire en movemento’), pertencente á mesma serie toponímica que outros como *Ventoseira*, *O Vento*, *O Mesón do Vento* e similares e que parecen aludir a lugares altos e/ou especialmente expostos á acción do vento.

Porén, ambas as dúas propostas vólvense igualmente inasumíbeis cando as confrontamos coa secuencia antroponímica *Froyla de Heerosa* que aparece nun documento sen data do Tombo de Toxos Outos (= TO). A vulgar polo contexto toponímico explicitado nese diploma, a forma *Heerosa* pode identificarse co actual *A Arosa* que lle dá nome a unha aldea da freguesía de Santo Cristovo de Mallón, no concello de Santa Comba. Así, no propio rexesto do documento indícase que se trata do *Testamentum domni Petri Martini de vno seruiciale a Sancto Justo in Sancto Cristoforo*, onde o sintagma haxionímico *Sancto Cristoforo* debe estar a se referir á devandita freguesía de Santo Cristovo de Mallón. Ademais, ao longo do texto cítanse as mandas que vai realizando Pedro Martins nas localidades de *Trigario* (= Vilartrigueiro, no concello de Coristanco), *Currispindo* (= Cospindo, no concello de Cabana de Bergantiños), *Riba de Sar* (= Ribadeza, no concello de Mazaricos), *Villar Sardum* (= Sardineiro, no concello de Fisterra) etc., todas elas concentradas na mesma área xeográfica en que tamén se encontra a xa mencionada *A Arosa*. De aceptarmos esta identificación, parece evidente que a forma *A Arosa* esixe unha explicación etimolóxica que nada ten que ver coas propostas formuladas por Pensado Tomé, e que nos remite máis ben ao fitónimo latino HĒDĒRA ‘hedra, planta rubideira’ a través dun derivado adxectivo HĒDĒRŌSA. Por tanto, podemos establecer cun grao bastante alto de verosimilitude un sintagma *(PENNA / PĒTRA) HĒDĒRŌSA no cal se produciu a perda do núcleo nominal, dando así lugar á forma actual *A Arosa*.

Neste sentido, debemos lembrar que o lexema HĒDĒRA, así como os seus múltiples derivados, coñeceu unha certa diversificación no que respecta aos seus resultados romances en galego-portugués, ao existiren dúas vías evolutivas principais e doadas de identificar. A primeira delas consistiu na síncope da vogal postónica medial [e], que deu como resultado a forma *hedra* do galego común, así como a castelá *hiedra* ou *yedra* e a astur-leonesa *yedra/yedre*. A esta variante remiten directamente topónimos galegos modernos como *Hedrosa*, *Hedrada* ou *Os Edreiros*, entre outros moitos, así como formas que teñen a súa orixe en primitivos sintagmas nos cales interviu directamente un adxectivo derivado de *hedra*, como p. ex. *Penadrade* ou o asturiano *Penadrada*, ambos os dous procedentes con toda seguridade dun antigo *PENNA HEDĒRĀTA, mais con conservación do primitivo núcleo nominal sobre o que o derivado fitonímico exercía función determinativa. En portugués, aínda que no léxico común acabou prevalecendo a forma *hera* (vid. infra), existe tamén toponimia derivada da variante que estamos a comentar, como *Edra/Edras*, *Edral*, *Edroso/Edrosa* e similares (DOELP, s.v.). No ámbito astur-leonés remiten a este mesmo tipo léxico expresións toponímicas como *Adráu*, *Adraos*, *Los Hedraos*, *Les Hedreras*, *Dradas* ou *Peñadrada* (García Arias 2000: 216-217).

A segunda posibilidade evolutiva consistiu na eliminación e síncope da consoante intervocálica -D-. Este fenómeno provocou a aparición dun grupo vocálico heterosilábico [ee] (verificábel de feito na propia forma *Heerosa* antes mencionada), posteriormente resolto mediante a crase ([ee] > [e]). O tratamento que vimos de describir é o que permite explicar non só a variante toponímica concreta que aquí nos ocupa, senón tamén a forma portuguesa moderna *hera* e diversos derivados como *Erosa/Herosa*, *Orosa*, *Orosa* ou, cando menos nalgúns casos, *Arada*⁵, todos eles existentes na actualidade en territorio galego. Tal e como pode comprobarse ao ler esta pequena enumeración, coexisten variantes que conservaron a vogal pretónica inicial etimolóxica ([e]) con outras en

⁴ O derivado adxectivo *aroso* (feminino *arosa*) aparece rexistrado xa no primeiro dicionario da Real Academia Galega (publicado entre 1913 e 1928), acompañado da seguinte definición: “Airoso. Gracioso, hecho con gracia y esbeltez. Que tiene aire, garbo, gallardía. Apuesto, gentil, elegante”. Esta definición, con certas variacións, foi recollida por varias obras lexicográficas posteriores.

⁵ Este topónimo aparece como nome dun lugar e parroquia do concello de Monterroso, mais tamén dunha aldea da parroquia de Landrobe (Viveiro) e doutra da de Fisteus (Curtis). Só a documentación antiga pode indicarnos con maior ou menor certeza cando estamos efectivamente ante resultados do colectivo fitonímico HĒDĒRĀTA e cando, pola contra, ante o apelativo *arada*, derivado do verbo *arar* que presenta acepcións como ‘acción e resultado de arar’, ‘terra xa arada’ e ‘porción de terra que se ara nunha xeira’. A analogía con algúns dos exemplos que estamos a comentar fai máis convincente a explicación fitonímica para formas como *A Penerada*, nome dunha zona boscosa da parroquia de Dimo (Catoira) aboado por Gonzalo Navaza (2007: 110-111).

que esta se viu alterada dalgún xeito. Nalgúns dos exemplos citados, esa modificación explicase en virtude dun fenómeno de asimilación por parte da vogal tónica, tal e como pareceu acontecer nos casos de *Oroso* (< **Eroso*) e *Orosa* (< **Erosa*), mentres que para outros (entre os que debemos incluír a forma (A) *Arosa*) resulta máis verosímil pensar nunha certa tendencia á abertura por parte da vogal pretónica inicial [e] cando vai seguida dunha consoante vibrante simple, i.e., HĒDĒRŌSA > med. *Heerosa* > **Erosa* > *Arosa*. Este fenómeno non constitúe en absoluto un trazo de excepcionalidade, senón que responde a unha pauta que se repite noutros casos análogos (cando menos na toponimia da área galegófona) e que en moitas ocasións podemos certificar mediante o contraste das formas toponímicas actuais coas recollidas na documentación medieval. Así ocorre co med. *Oeranio* (TO 1231, 1243), identificábel co moderno *O Araño* (localidade do concello de Rianxo) e no que temos que reconstruír unha secuencia *Oeranio* > **O Eraño* (con deglutinación do segmento vocálico inicial [o], reinterpretado como artigo determinado) > *O Araño*.

Maior complexidade revisten *a priori* outros exemplos como o do topónimo *Arzón*, denominación dunha freguesía do concello coruñés de Negreira onde estivo radicado un pequeno mosteiro medieval do mesmo nome. O topónimo aparece rexistrado desde época temperá en TO baixo variantes como *Dercione* (1161), *Derzon* (1172), *Sancti Christofori de Dederzone* (1228), *Sancti Christofori de Dercione* (1161), *Sancti Christofori martiris de Derzone* (1137), *Sancto Christoforo de Derzone* (1138, 1232) e *Arzon* (s.d.), o que nos obriga a admitir cando menos dúas fases ben diferenciadas na súa evolución, e que tiveron que se producir ademais na secuencia cronolóxica que propomos a seguir: en primeiro lugar, a deglutinación da consoante oclusiva dental inicial [d], reinterpretada polo falantes como forma elidida da preposición *de* (**Derzón* > **d'Erzón*; cfr. *Arbo* < med. *Daravo* etc.); e, nun segundo momento, a abertura da vogal [e] (> [a]) conforme á tendencia que estamos a explicar (**d'Erzón* > **Erzón* > *Arzón*). Esta proposta etimolóxica non só é harmónica cos datos documentais antes expostos, senón que ademais obriga a matizar a explicación bosquexada no seu momen-

to por Bascuas López (2002: 57), que retrotraía o topónimo a unha forma **ART-Ī-ŌNE*, derivada en última instancia do radical indoeuropeo **er-* ‘fluir’, ‘moverse’.

Aínda que carecemos de datos documentais inequívocos ao respecto, cremos que pode integrarse nesta pequena mostra o segundo constituínte do topónimo *Fonte Almesendre* (nome dun lugar da freguesía de Saavedra, no concello de Begonte), cando menos se admitirmos para el un étimo *ERMESINDI* (xenitivo do ben coñecido antropónimo xermánico *ERMESINDUS*), i.e., *ERMESINDI* > **Ermesende* > **Armesende* > **Armesendre*⁶ > *Almesendre*.

De todos os xeitos, é interesante matizar que esta alteración fonética non se ve restrinxida a épocas relativamente recentes, senón que podemos detectala xa nos propios textos medievais. Por exemplo, o topónimo *Ermelo* dálle nome a un lugar e freguesía do concello pontevedrés de Bueu, na bisbarra do Morrazo. Ao ser o lugar onde se asentou un cenobio beneditino de relativa importancia, o topónimo concorre en varias ocasións nos textos altomedievais, e os testemuños máis antigos (*s[an]c[tu]m Iacobum de Ermello* GHCD 1151, *Sancti Iacobi de Ermello* TB c. 1199 etc.) fan verosímil postular para el un étimo **EREMĒLLŪ*, diminutivo do termo latino *ĒREMŪS* ‘deserto, solitario, inculto’, ‘ermo’. Porén, ese mesmo topónimo aparece noutros documentos como *Armelu* (GHCD 1119) ou *monasterio darmello* (GHCD 1485), rexistros que ilustran a existencia dunha variante que non chegou a prevalecer, mais que moi probabelmente xurdiu como resultado da alteración da vogal pretónica inicial [a] por efecto da consoante [r] subseguinte. Reparemos por tanto en como o repertorio documental de época medieval permite redimensionar a evolución fonética dos topónimos como un proceso complexo (en absoluto liñal ou unidireccional, como ás veces podería pensarse), durante cuxo transcurso poden chegar a concorrer e a convivir diferentes solucións para un mesmo étimo, aínda que só unha desas variantes acabe por se consolidar como forma canónica do topónimo.

⁶ A inserción dunha vibrante simple [r] nunha secuencia fonética formada por unha consoante en posición homosilábica seguida dunha consoante dental (i.e., **Armesende* > **Armesendre*) conséntase en moitos outros casos, quer toponímicos (*Colanres* < med. *Colantes*, *Vilasindre* < **Vilasinde* < UĪLLA SĪNDI, *Gocendre* < **Gocende* < (UĪLLA) GODESINDĪ, *Espindro* < **Espindo* < SPĪNĪTŪ etc.), quer léxicos (*estrela* < STELLA, dial. *lagostra* < LOCŪSTA etc.).

3. BRENS

A forma *Brens* dálle nome a unha freguesía do concello de Cee, pertencente á comarca de Fisterra e á provincia da Coruña. Este topónimo foi recollido por Joseph Piel no seu clásico *Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa* (1948), obra en que suxería a posibilidade de evolucionar esta expresión toponímica a partir do xenitivo do antropónimo latino *UERENTĪŪS, tal vez interpretábel como variante de UIRENTĪŪS, e este, á súa vez, formado a partir dun participio de presente UIRENS, UIRENTIS ‘verdecete, vigoroso’. Completando esta proposta, o filólogo alemán sinalaba tamén como posíbel descendente dese nome persoal o topónimo *Brence*, nome dunha freguesía do concello lugués da Pobra de Brollón. No tocante a este último, Nicandro Ares (2007: 241-243) descartou atinadamente tal posibilidade ao reunir varias atestacións medievais do topónimo como *villa dicta Aberenti* (1187), *Averenze* (1220), *ecclesia Sancti Salvatoris de Aurenza* (1222), *Auerence* (1228), *Abrenze* (1267) etc. Todos estes rexistros poñen de relevo que a forma real do topónimo (e, ademais, a oficial na actualidade segundo o Nomenclátor de Galicia) non é outra que *Abrence*, dificilmente conciliábel coa hipótese formulada por Piel.

No caso do topónimo *Brens*, a proposta de Piel, unha vez admitido como étimo un sintagma *(UĪLLA) UERENTĪ ou similar, non implicaría dificultades insalváveis no plano fonético. Porén, ao igual que acontecía coa forma *Abrence*, a verosimilitude desta hipótese esfarélase cando acudimos ás atestacións con que contamos para este topónimo na documentación medieval. O máis antigo deses rexistros procede dun diploma en que o monarca Afonso VII lle doa ao mosteiro de San Xulián de Moraime a freguesía de San Pedro de Buxantes, sinalando como un dos seus límites as *divisiones de Vereves* (GHCD 1152), en evidente alusión á actual freguesía de Santa Baia de Brens. Algo posteriores son outros testemuños como *Froyla Petri dictus de Breis* (TO 1213), *Sebastianus Dominici de Verees* (TO 1242), *Martinus Iohannis de Verees* (TO 1271) ou *Sebastiani Dominici de Varees* (TO 1289). Este feixe de atestacións obríganos a descartar calquera vinculación cun antropónimo latino *UEREN-

TĪŪS ou UIRENTĪŪS, ao tempo que parecen recomendar a reconstrución dunha forma orixinaria *UERĒNES.

No que respecta á estrutura morfolóxica dese étimo *UERĒNES, parece factíbel relacionar o seu constituínte sufixal co que recoñecemos noutros moitos hidrotopónimos de filiación prelatina, como o portugués *Ourém* ou os galegos *Arén* e *Borbén* (med. *Boruene* TA 951). A vinculación é aínda maior con outros topónimos en que o sufixo, ao igual ca en *UERĒNES, concorre flexionado en plural, como por exemplo o asturiano *Tuenes*, para o que Bascuas López (2006: 140) propuxo un posíbel étimo *TŪDĒNES; ou, dun xeito máis claro e mellor documentado, o galego *Iris*, denominación dunha freguesía do concello coruñés de Cabanas que encontramos de xeito recorrente nos textos altomedievais baixo a variante *Herenes*, o cal nos autoriza a reconstruír para este topónimo unha base etimolóxica *ERĒNES/*IRĒNES como a proposta no seu día por Bascuas López (2002: 139).

Nesta mesma serie toponímica podemos incluír aínda o topónimo *Borreis*, nome dunha entidade de poboación situada na vertente galegó-fona do Bierzo leonés, e que aparece referida como *Borrenes* nun diploma do Tombo de Samos datado no ano 1084. Particularmente interesante é o caso do topónimo *Covés*, denominación dunha aldea da freguesía de Andrade (Pontedeume), para o cal Isidoro Millán, no seu estudo monográfico sobre a toponimia maior dese concello coruñés⁷, establecera como étimo un derivado *COŪENSE. En efecto, esta hipótese podería aceptarse sen maior obxección atendendo non só á súa impecábel constitución morfolóxica (un derivado resultante da adición do sufixo latino -ĒNSIS ao substantivo *CŌUA, orixe do galego-portugués *cova*, do astur-leonés e castelán *cueva* etc.), senón tamén á total regularidade do percurso fonético que conduciría dese suposto *COŪENSE ao actual *Covés* (cfr. PORTUCALĒNSE > *portugués*, MĒNSE > *mes*, etc.) e que o faría homologábel a outros topónimos galegos en que parece moi evidente a intervención do sufixo latino -ĒNSE engadíndolle á base léxica un matiz de tipo abundancial: pensamos en casos como *Alborés* (med. *Aruores* TO 1334, *Aruores* FDUSC 1433, *Sant Mamede de Arborés* LNAP 1451 etc.) < ARBORĒNSE (← lat. ARBOR ‘árbore’), *Salnés* < SALINĒNSE (← lat.

⁷ Millán González-Pardo (1987).

SALĪNA ‘salina, mina de sal’) ou mesmo noutros exemplos en que a base léxica en cuestión pertence moi probablemente ao substrato lingüístico prelatino, como *Carnés* (med. *Carnes* TO 1257, *Sam Christouoo de Carnes* TO 1334) < *KARNĒNSE (← *karn- ‘pedra’), ou o galego *O Xurés* e portugués *O Gerês* (ant. *Aquis Ocerensis* Ravenn. 320, 2 e med. *Augeres* TCe 1024, *alpes Ugeres* TCe 1074, *monte Ugeres* TCe 1096, *Ogeres* TCe 1100 etc.) < *UGERĒNSE (← *wegw- ‘húmido’, ‘mollar’; vid. Bascuas López 2007: 46 e ss.). Porén, a mención que se fai ao lugar de Covés nun documento sen data conservado no Tombo de Caaveiro (*inter Andrade et Nugeyrosa, subtus monte Leporario... Sancta Maria de Covenes*⁸) invalida de raíz a proposta formulada por Isidoro Millán e permítenos incluír o topónimo *Covés* na mesma serie a que pertencerían *Brens*, *Irís*, *Borreis*, *Tuenes* e similares. A nómina aínda podería verse sensibelmente enriquecida con outras formas como *Barés*, *Liméns*, *Pinténs* ou *Coéns*, sobre todo tendo en conta a máis que probábel filiación prelatina dos radicais léxicos implicados en cada unha delas. Con todo, a ausencia de datos documentais máis precisos obríganos a ser cautelosos e a refugar calquera pronunciamento categórico neste sentido. Abonde con dicir que a estrutura morfolóxica que presumimos no topónimo *Brens* (< *UERĒNES) conta cunha importante cantidade de paralelos na toponimia do territorio galegofono, e non só.

Por outra banda, e considerando a marcada tendencia do sufixo presente en *UERĒNES a combinarse con lexemas prelatinos, podemos supor cun grao bastante alto de certeza que o radical en que se basea o derivado en cuestión pertence a ese mesmo fondo lingüístico. De feito, cremos que pode identificarse coa raíz *awer- ‘auga, río’, ‘chuvia’ que Pokorny (IEW 78-81) identificou en substantivos como o avéstico *vār* ‘chuvia’, o albanés *vrēnde* ‘orballo, zarzallo’, o antigo nórdico *vari* ‘líquido, auga’ e *ūr* ‘orballo, chuvia miúda’, o grego ἔρση ‘orballo’ ou o irlandés medio *frass* ‘chuvia’, entre outros moitos. De feito, inseparábel deste radical é o tema *wernā ‘amieiro’, que

pervive na actualidade a través das denominacións dadas a esta árbore en linguas como o catalán e o occitano (*verna*), o piemontés (*verna*), o francés (*verne*, *vergne*), o bretón (*gwern*), etc. A produtividade do devandito tema léxico tamén alcanzou segundo parece o ámbito da toponimia, se atendermos a exemplos como o medieval *Vernesga* (nome dun afluente do río Ferreira coñecido actualmente como *Río de Perros*), *Bernesga* (nome dun afluente do río Esla, en León), os franceses *Verne*, *Vernois* ou *Vernuse*, etc. No que respecta a Galiza, quizais poida aducirse como exemplo da rendibilidade toponímica do tema *wernā a forma *Berrimes*, nome dun lugar da freguesía de Lousame (no concello coruñés homónimo). Trátase dun topónimo amplamente documentado no Tombo de Toxos Outos, baixo variantes como *Uerrimes* (1175, 1271), *Uerrimis* (1271), *Verrimes* (1166, 175, 1189, 1289), *Verrimis* (1259), *Virrimis* (1289) ou *Virrinis* (1271). Porén, os testemuños máis temperáns que coñecemos aparecen en tres diplomas do Tombo de Sobrado redixidos orixinalmente na segunda metade do século X e nos cales comparece baixo a forma *Uernimes*. De aceptarmos esta segunda variante como a forma etimolóxica, deberíamos supor unha fase intermedia non documentada en que se produciría a metátese da secuencia [rn] (> [nr]), i.e., *Uernimes* > **Vernimes*, a partir da cal xa se podería xustificar sen dificultade a redución [nr] > [r], como nas formas medievais arcaicas **manrei* > *marrei* (← verbo *māer*), **venrei* > *verrei* (← verbo *vīr*) ou en topónimos como *Berrande* < **Ven'rande* < *(UĪLLA) UENERANDĪ (Piel 1982: 133).

Sexa como for, as expresións toponímicas derivadas da raíz *awer- no Noroeste peninsular son abondosas⁹, e de novo o auxilio do corpus textual de época medieval resulta crucial de cara á súa identificación. Por exemplo, os topónimos *Brans de Arriba* e *Brans de Abaixo* (nome de senllas aldeas da freguesía de Brión, no concello coruñés homónimo) aparecen documentados no Tombo de Toxos Outos como *Ueranes de Iusano* (s.d.) e *Veraes* (1334), de xeito que poderíamos retrotraelos a un derivado *UERĀNES homologá-

⁸ O lugar de Covés pertence na actualidade á freguesía de San Martiño de Andrade. Porén, aínda Jerónimo del Hoyo, nas súas *Memorias del Arzobispado de Santiago* (1607), constata a existencia nesa localidade dunha “hermita de Nuestra Señora de Cobres” (errata ou lectura deficiente de *Covés*), como vestixio desa antiga parroquia de *Sancta Maria de Covenes* aludida no Tombo de Caaveiro.

⁹ Para a toponimia do ámbito astur-leonés poden consultarse as achegas de García Arias (2000: 130) e de J. M. González (1964: 145). De todos os xeitos, cómpre sinalar que estes autores teñen en conta expresións toponímicas que, aínda que efectivamente poden remontar ao radical prelatino que nos ocupa (sobre todo naqueles casos en que os referentes extralingüísticos desas formas son correntes fluviais), tamén poderían igualmente ter a súa orixe no apelativo latino UARA ‘vara, pau delgado e longo’ ou mesmo nalgúns casos na raíz *bar- ‘depresión, costa, altura’, de presenza igualmente contrastada en todo o Noroeste peninsular.

bel, no que á súa estrutura morfolóxica se refire, a outros topónimos de base prelatina como *Meirás* (med. *Merianes* TSob 1192 < *MERĪ-ĀNES), o asturiano *Limanes* (< *LIM-ĀNES), etc.

Pola súa banda, en *Braño*, nome dunha aldea da freguesía de Freixo de Sabardes (Outes), as formas *Ueranio* (TO 1168) e *Veranio* (TO 1289) baixo as que aparece rexistrado xustifican un étimo *UERANĪO con claros paralelos noutros topónimos galegos como *Caamaño* (med. *Calamano* TO 1162, *Sancte Marie de Calamano* TO 1169, *Caamano* TO 1289, *Caamano* TO 1334) < *CALAM-ANĪO, *Salaño* (med. *Salanio* TO 1209, *Salanu* TO 1204) < *SAL(L)-ANĪO, *Laraño* (med. *Sancte Eolalie de Laranio* TC 1201, *Laranio* HSISC 1228 etc.) < *LAR-ANĪO e similares, que teñen en común a secuencia sufixal -anĪo, a miúdo indicativa da orixe prelatina do topónimo.

Canto ao topónimo *Bralo*, nome dunha aldea da parroquia de Augasantas, no concello de Rois, concorre en diversos documentos do Tombo de Toxos Outos baixo variantes como *Verallo* (s.d.), *Ueraro* (1234), *Verelio* (1289) e *Veralo* (s.d.), as cales lle confiren certa verosimilitude a unha base etimolóxica *UER-ALLO en que identificamos o mesmo sufixo -all(o) / -all(a) que podemos illar noutros moitos ítems toponímicos pertencentes ao estrato lingüístico prelatino, como *Abalo*, *Barcala*, *Bealo* (med. *Uialo* TO 1228, 1249; *Vialo* TO 1219, 1242, 1244), *Argalo*, *Sealo* ou *Gargalo*.

Porén, a documentación medieval permite excluír desta serie toponímica certos ítems que, nun plano puramente teórico, poderían formar parte dela. Por exemplo, Bascuas López (2002: 147) vincula co radical *awer- o topónimo *Viro*, nome dunha aldea da freguesía de Roo (Noia), mais se acadamos de novo a TO comprobamos que este nome de lugar aparece mencionado en múltiples ocasións, e baixo formas como *Sancti Cosmedi de Veeru*, *Ueenru*, *Ueeru*, *Uiiru*, *Uero*, *Ueerunu*, *Veenru*, *Viiru* e sobre todo *Veeru* (Martínez Lema 2008, s.v. VIRO). En xeral, todas estas variantes apuntan cara a unha base etimolóxica máis complexa cá hipotetizada por Bascuas

López, e na cal hai que considerar a síncope dun segmento consonántico en posición intervocálica (presumiblemente, a xulgar polas características gráficas dalgúns dos rexistros apuntados, unha consoante nasal).

En definitiva, podemos comprobar que existe un contexto toponímico amplo e representativo en que o derivado *UERĒNES encaixa sen dificultades, quer no que respecta ao seu constituínte sufixal, quer no tocante á base léxica. Réstanos tan só realizar unhas breves observacións relativas á evolución fonética do topónimo, que seguiu canles perfectamente previsíbeis e regulares dentro das pautas características da fonética histórica galega. De xeito paralelo á lenición e síncope do -N- etimolóxico verificouse a nasalización do vocalismo contiguo (*UERĒNES > * *Verēnēs* > *Verēēs*), seguido da redución da secuencia vocálica resultante (*Verēēs* > **Verēs*) e a consonantización da resonancia nasal (**Verēs* > **Verēs*). A outra alteración de relevancia foi a síncope da vogal pretónica [e] (**Verēs* > *Brens*)¹⁰, a mesma que se produciu en moitos outros topónimos presuntamente baseados no mesmo radical, como os xa comentados *Brans*, *Bralo* ou *Braño*. Esta secuencia evolutiva, exposta aquí de xeito liñal e simplificado, debeu desenvolverse en realidade dun xeito máis complexo a teor das plasmacións gráficas do topónimo no Tombo de Toxos Outos. Neste sentido, resulta salientábel a alternancia que se observa entre as variantes maioritarias *Varees/Verees* e a forma illada *Breis*, talvez explicábel pola disimilación que sufriu nesta última o segundo dos elementos vocálicos implicados no hiato romance [ēē] (ou sexa, [ēē] > [ej]). A xulgar polo resultado hodierno do topónimo, esa vía fonética alternativa non acabou por callar¹¹, mais podemos invocar outros pares toponímicos existentes no territorio galego que presentaban etimoloxicamente unha secuencia fonética final idéntica á de *UERĒNES e nos cales cada ítem seguiu unha dirección diferente no tocante ao tratamento do hiato [ēē]. Por exemplo, o topónimo *Mens*, nome dunha freguesía do concello de Malpica de

¹⁰ Talvez o devandito topónimo *Barés*, que lle dá nome a un lugar da parroquia de Saavedra (Begonte), non sexa senón o resultado dun derivado *UARĒNES/*UERĒNES (baseado probablemente no mesmo radical hidronímico que *Brens*, tal e como suxire ademais a localización de *Barés* na mesma beira do río Miño) en que se verificou un tratamento da secuencia vocálica [ēē] coherente coas pautas fonéticas propias do galego central ([ēē] > [ē] > [e], i.e., **Barēnēs* > *Barēēs* > **Barēs* > *Barés*), e no que se mantivo ademais a vogal pretónica, fronte á síncope que se produciu no topónimo ceense. Sexa como for, trátase dunha proposta meramente conxectural, verosímil á luz dos datos expostos, mais carente polo de agora do necesario apoio documental.

¹¹ Pode compararse, nun contexto fonético ademais plenamente homólogo á que nos ocupa, co duplo resultado que coñeceu o substantivo latino FENESTRA no dominio lingüístico galego-portugués: por unha banda, a simplificación da secuencia vocálica heterosilábica [ēē] (> [ee] > [e]), dando lugar á forma *fresta*; pola outra, a disimilación vocálica [ēē] > [ee] > [je], que explica as variantes *fiestra* e *friesta*.

Bergantiños, aparece consignado como *Menes* nun documento de 1174 copiado no Tombo B da Catedral de Santiago (por tanto, MENES > **Mēnēs* > **Mēēs* **Mēs* > *Mens*), de xeito que parece lóxico considerar a forma *Meis* (nome dun concello e de dúas freguesías do mesmo, *Meis* e *San Martiño de Meis*) como un cognado ou variante diverxente da anterior, con glidización do segundo dos núcleos vocálicos en contacto. Outro tanto podemos dicir do par *Lens/Leis*: o primeiro, que lle dá nome a unha aldea e freguesía do concello coruñés de Ames, aparece amplamente documentado no Tombo de Toxos Outos baixo formas como *Leens*, *Lees*, *Leeis*, *Leeyns* ou *Lenes* (Martínez Lema 2008, s.v. LENS) que fan supor un étimo *LENES (> **Lēnēs* > **Lēēs* **Lēs* > *Lens*) ou similar; pola súa banda, a forma *Leis*, conservada na actualidade no sintagma *Leis de Nemanco*s (nome dunha freguesía do concello de Muxía) debe ascender á mesma base etimolóxica, mais presentou unha evolución fonética análoga á sinalada para *Meis*.

4. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

Tal e como enunciabamos na introdución deste traballo, o noso propósito era subliñar a importancia das fontes documentais de cara a establecermos as posíbeis orixes dunha determinada expresión toponímica e, por tanto, á hora tamén de valorarmos as hipóteses etimolóxicas vixentes, dándoas por válidas ou descartándoas en favor doutras máis verosímiles e coherentes cos datos textuais. Ademais de á reconstrución do étimo e do percurso evolutivo do topónimo, o concurso dos documentos medievais pode contribuír de xeito decisivo á detección de paralelos noutros ámbitos do sistema toponímico (paralelos que permiten unha explicación máis completa e contrastada de cada nome de lugar en concreto), e incluso á identificación e a interpretación de certas mudanzas ocasionais que puidesen producirse nun determinado ítem toponímico.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (2007): “Toponimia do concello da Pobra do Brollón”, *Lucensia*, nº 35, Lugo, pp. 241-262.
- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- _____ (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- _____ (2007): “*Aquis Ocerensis*, diosa *Ocaera*, monte *Ugeres* y *O Gerês*: ¿**oger-* o **uger-*?”, *Palaeohispanica*, nº 7, Diputación de Zaragoza, Institución Fernando el Católico, pp. 43-54.
- DOELP = MACHADO, José Pedro (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio e GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (1999): “El Tombo de San Juan de Caaveiro”, en *El monasterio de San Juan de Caaveiro*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, pp. 97-401.
- FDUSC = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel e JUSTO MARTÍN, María Xosé (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- HSISC = LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1898-1909): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*. Santiago de Compostela: Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central.
- GARCÍA ARIAS, Xosé Lluis (2000): *Pueblos asturianos. El porqué de sus nombres*. Xixón: Alborá Libros.
- GHCD = LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1901): *Galicia Histórica. Colección Diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica.
- GONZÁLEZ Y FERNÁNDEZ VALLES, José Manuel (1964): “Otros ríos asturianos de nombre prerromano (*Eo*, *Navia*, *Ibias*, *Varayo*, *Esva*)”, *Archivum*, vol. XIV, Oviedo, Universidad de Oviedo, pp. 134-148.
- IEW = POKORNY, Julius (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Bern: Francke Verlag.
- LNAP = TATO PLAZA, Fernando R. (1999): *Libro de Notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1986): *El Tombo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio, edición diplomática, apéndices e índices*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia.
- MARTÍNEZ LEMA, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia (A Coruña): Editorial Toxosoutos.
- _____ (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- _____ (2010): “Toponimia, etimoloxía e fontes documentais: algúns exemplos do Tombo de Toxos Outos”, en E. Bahillo Sphonix-Rust, B. Burgos Cuadrillero e A. M. Iglesias Boltrán (coords.), *Interlingüística XXI. Actuales líneas de investigación en el panorama internacional de los jóvenes lingüistas*. Valladolid: Asociación de Jóvenes Lingüistas / Universidad de Valladolid, pp. 632-642.
- _____ (2011): “Estrategias de latinización de toponimia romance en un cartulario medieval gallego: el Tombo de Toxos Outos”, *Estudis Romànics*, nº 33, Barcelona, Institut d’Estudis Catalans, pp. 265-277.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro (1987): *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- NAVAZA, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira (Pontevedra): Concello de Catoira.
- OELG = PENSADO TOMÉ, José Luis (ed.) (1999): *F. Martín Sarmiento: Onomástico etimológico de la lengua gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PIEL, Joseph Maria (1948): *Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- _____ (1982): “Respiga de antroponimia galega de orixe latina”, *Verba*, nº 9, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 125-151.
- REAL ACADEMIA GALEGA (1913-1928): *Diccionario Gallego-Castellano*. A Coruña: Real Academia Galega.
- RODRÍGUEZ, Francisco Javier (1863): *Diccionario Gallego-Castellano*. A Coruña: La Galicia.
- TA = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1998): *Tombo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral/Seminario de Estudos Galegos.
- TB = GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (2004): *Tombo B de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral/Seminario de Estudos Galegos.
- TC = FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio (1989): “Documentación monástica en el Tombo C de la Catedral de Santiago”, *Historia. Instituciones. Documentos*, nº 16, Sevilla, Universidad de Sevilla, pp. 233-254.
- TCE = SÁEZ SÁNCHEZ, Emilio e SÁEZ SÁNCHEZ, Carlos (1996-2006): *Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230)*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares.
- TO = PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco (2004): *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TSOB = LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976): *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural.